



UNIVERSITY OF
STIRLING



Centro de Estudos Galegos
University of Stirling



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Centro de Estudos Galegos de Escocia
University of Stirling
7-8 de xuño de 2007

A Galaxia Explicada: Galician Culture in Dialogue

Primeira chamada a contribucións

A galaxia explicada é o título do quinto capítulo da obra de Ramón Otero Pedrayo *Ensaio histórico sobre a lingua galega*. Neste amplo traballo, o escritor ourensán narra a ascensión política e relixiosa de Santiago de Compostela como capital espiritual e simbólica de Galicia e presenta a universalidade do Camiño como un compoñente esencial da identidade galega. O propósito deste Congreso é, partindo da dimensión máis dialogal desta 'galaxia explicada', poñer en confronto e comparación a realidade galega coas das demais culturas cunha perspectiva multidisciplinar. E no noso caso, como Centro de Estudos Galegos en Escocia, especialmente coa das Illas Británicas e de Escocia.

A Galaxia Explicada nace como un congreso internacional con vocación de continuidade e periodicidade anual. O obxectivo é poñer en contacto a cultura, a sociedade e a investigación galegas en campos moi determinados, coas do resto de Europa, e especificamente coas británicas e as escocesas. Nesta primeira edición abordaranse tres temas moi concretos.

a) unha primeira mesa versará sobre a identidade nacional, partindo da calor do debate que sobre estas cuestións se está a desenvolver tanto en Galiza como en Escocia. Sobre este punto de partida quérese incidir nas posibilidades que as institucións internacionais, e nomeadamente a Unión Europea, poden ofrecerlles aos nosos países.

b) a segunda virará ao redor da investigación histórica, e ao redor de como o carácter periférico dos dous países dentro do contexto europeo foi, ou non, un impedimento para integrarse no decorrer dos acontecementos máis importantes da historia do continente.

c) finalmente, unha terceira mesa abordará a situación sociolingüística das linguas minorizadas no contexto europeo, con especial atención ao galego e ás linguas das Illas Británicas, tendo como suposto que en moitas ocasións a investigación sociolingüística sobre estes campos se ten desenvolvido en compartimentos pechados, a salvo de calquera outra referencia en situacións análogas no continente europeo.

Para estas dúas últimas mesas, historia e sociolingüística, admitiranse contribucións duns 20 minutos de exposición. O límite máximo de contribucións por cada mesa é de tres, co que o Centro de Estudos Galegos en Escocia realizará unha escolma entre todas aquelas presentadas, á procura da calidade e da pluralidade de enfoques. Os e as súas relatoras beneficiaranse dunha noite de hospedaxe en Stirling, así como dos xantares dos días 7 e 8 de xuño.

As contribucións, que poderán presentarse en inglés ou en galego, terán que ter un título e un resumo escritos nos dous idiomas, de ao redor de 300 palabras. Prégase que inclúan tamén un pequeno currículo de cinco liñas, os datos de contacto, e os requirimentos técnicos da súa exposición.

Os resumos destas contribucións deberán enviarse antes do día 31 de marzo a estes dous enderezos:

Dr. Craig Patterson	Mr. Xabier Cid
Director of Centro de Estudos Galegos	Visiting Lecturer in Galician Studies

Centro de Estudos Galegos de Escocia
School of Languages, Cultures and Religions
University of Stirling
Stirling FK9 4LA
craig.patterson@stir.ac.uk
xabier.cid@stir.ac.uk